

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro            | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------|----------|---------------|
| 36004551 | IES Illa de Tambo | Marín    | 2024/2025     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza   | Nome da área/materia/ámbito   | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-------------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Lingua galega e literatura II | 2º Bac. | 3                | 87             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 5             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 7             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 14            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 15            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 16            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 16            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 18            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 19            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 19            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 22            |
| 9. Outros apartados   | 22            |

## 1. Introducción

Tal como se recolle no PEC do Centro, o IES Illa de Tambo ten uns 500 alumnos/as e atópase no concello de Marín, na comarca do Morrazo, cunha poboación duns 25000 habitantes. É unha vila moi próxima á capital de Pontevedra, feito que incide en que a lingua predominante no contorno do Centro sexa o castelán; o galego é unha lingua residual para a maioría do alumnado que en moitos casos, non ten contacto con ela dentro da súa familia.

Por iso deducimos que a transmisión xeracional se está rompendo: hai algúns "avós" que aínda conservan o galego como lingua habitual, pero esta realidade cambia na maior parte dos "pais"; como resultado podemos concluír que hai unha altísima porcentaxe de rapaces/as que non escoita nunca falar en galego nas súas casas e que, probablemente, o único contacto que teñan coa lingua galega procede do centro escolar. Esta situación ocasiona no alumnado actitudes diglósicas, tamén actitudes negativas verbo da súa lingua e da súa cultura; chegando, incluso, ao auto-odio, co rexeitamento máis absoluto.

Non podemos tampouco esquecer a presenza, aínda que sexa nunha porcentaxe moi minoritaria, de alumnado de etnia xitana que é castelán-falante e rexeitan a lingua e os alumnos/as doutras nacionalidades (marroquís sobre todo) que se atopan cunha dobre dificultade.

A isto cómpre engadir a heteroxeneidade que presenta o alumnado, sobre todo na ESO, no que concirne ao nivel de desenvolvemento das competencias básicas, xa que algúns alumnos presentan deficiencias pola falta de interese pola aprendizaxe ou pola actitude de rexeitamento ao esforzo persoal.

Estes datos foron importantes para a elaboración da programación, tanto na ESO como no Bacharelato, xa que se realizou tendo en conta a necesidade de eliminar a situación de diglosia e as actitudes negativas que aínda perviven cara o proceso de normalización da lingua, orientándoa sempre ao progreso na auto-estima e proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana e as habilidades que lle permitan desenvolver as funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, tendo

sempre en conta que o fundamental é que os rapaces e rapazas se acheguen á cultura e á sociedade do mundo actual globalizado desde unha óptica claramente galega e só se se parte do coñecemento profundo do seu propio mundo e da súa lingua propia acadarán estes obxectivos.

O departamento de Lingua e Literatura Galega do noso centro está formado por catro docentes con horario completo e dúas delas ocúpanse de impartir 2º de BAC.

Por último tamén podemos engadir que nesta materia hai unha porcentaxe moi alta de aprobados, que soe fluctuar en torno ao 90% e que esta porcentaxe se mantén nas probas de ABAU, nas que tampouco soe variar demasiado a cualificación a respecto da obtida no centro.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP  | STEM | CD | CPSAA | CC  | CE | CCEC |
|---|-----|-----|------|----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural. | 1-5 | 2-3 |      |    |       | 1-2 |    | 1    |

| <b>Obxectivos</b>   | <b>CCL</b> | <b>CP</b> | <b>STEM</b> | <b>CD</b> | <b>CPSAA</b> | <b>CC</b> | <b>CE</b> | <b>CCEC</b> |
|---|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.  | 2          | 2         | 1           | 2-3       | 40           | 3         |           |             |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.   | 1-3-5      | 2         | 1           | 2-3       |              | 2         |           |             |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5      | 2         | 4           | 1         | 40           | 3         |           |             |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.   | 1-3-5      |           | 1           | 2-3       | 50           | 2         |           |             |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.  | 3          |           |             | 1-2-3-4   | 40           | 2         | 3         |             |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC    | CE | CCEC         |
|--|-----|----|------|----|-------|-------|----|--------------|
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.   | 1-4 |    |      | 3  | 11    |       |    | 2-31-32      |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.            | 1-4 |    |      |    |       | 1     |    | 1-2-31-32-42 |
| OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica. | 1-2 | 2  | 1-2  |    | 50    |       |    |              |
| OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.  | 1-5 | 3  |      | 3  | 31    | 1-2-3 |    |              |

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

| UD | Título                        | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | As linguas e os seus falantes | Aquí estudamos os contidos de Lingua e Sociedade da ABAU e indicados no DOG 183 do 26/09/2022:<br>¿ As linguas da Península Ibérica e as | 25             | 21         | X        | X        | X        |

| UD | Título                        | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | As linguas e os seus falantes | <p>variedades dialectais do galego.</p> <p>¿ Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística.</p> <p>¿ Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros.</p> <p>¿ Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega.</p> <p>¿ Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.</p> <p>¿ Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.</p> <p>¿ Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.</p> | 25             | 21         | X        | X        | X        |
| 2  | Comunicación                  | <p>Aquí estudamos os contidos de Comunicación da ABAU e indicados no DOG 183 do 26/09/2022:</p> <p>¿ Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.</p> <p>¿ Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</p> <p>¿ Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</p> <p>¿ Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</p>   | 25             | 22         | X        | X        | X        |
| 3  | Educación literaria           | <p>Aquí estudamos os contidos de Educación literaria da ABAU e indicados no DOG 183 do 26/09/2022:</p> <p>¿ Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos</p>   | 25             | 22         | X        | X        | X        |

| UD | Título                   | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3  | Educación literaria      | séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.<br>¿ Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916-1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. | 25             | 22         | X        | X        | X        |
| 4  | Reflexión sobre a lingua | Aquí estudamos os contidos de Reflexión sobre a Lingua da ABAU e indicados no DOG 183 do 26/09/2022:<br>¿ Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.  | 25             | 22         | X        | X        | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD                  | Duración |
|----|-------------------------------|----------|
| 1  | As linguas e os seus falantes | 21       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.   | Recoñecer e valorar tanto as linguas da Península Ibérica como os principais dialectos do galego.<br>Recoñecer os trazos dialectais que aparecen no rexistro coloquial da lingua. | PE | 100 |
| CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística. | Recoñecer e rexeitar os prexuízos que afectan á lingua galega.<br>Recoñecer o papel normalizador tanto dos medios de comunicación como daas redes sociais.                        |    |     |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Recoñecer e rexeitar os usos discriminatorios da lingua a todos os niveis. |           |          |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.   | Aprender a solucionar conflitos mediante o diálogo.                        |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego.</li> <li>- Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística.</li> <li>- Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros.</li> <li>- Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega.</li> <li>- Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.</li> <li>- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.</li> <li>- Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2         | Comunicación        | 22              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Comprender a estrutura e o sentido de textos orais de diferentes ámbitos. |           |          |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.  | Valorar a idoneidade de diferentes textos orais e/ou multimodais.         | PE        | 90       |



| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.   | Elaborar textos ben estruturados, ben redactados, cunha ortografía correcta e un léxico amplo.         |           |          |
| CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.  | Ser capaz de mellorar os textos mediante diferentes procedementos.                                     |           |          |
| CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.   | Comprender a estrutura e o sentido de textos escritos de diferentes ámbitos.                           |           |          |
| CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.   | Valorar a idoneidade de diferentes textos escritos.  |           |          |
| CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | Elaborar traballos de investigación ben organizados e usando diferentes fontes de maneira respectuosa. |           |          |
| CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.  | Ser capaz de avaliar a fiabilidade da información usada contrastando diferentes posibles versións.     |           |          |
| CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.  | Realizar exposicións orais coherentes e ben argumentadas.  | TI        | 10       |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.  | Intervir en debates de maneira acertada.   |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.
- Produción escrita: elaboración, planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

| UD | Título da UD        | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 3  | Educación literaria | 22       |

| Cráterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.   | Ser capaz de traballar en equipo de maneira construtiva.                                   |    |     |
| CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.  | Valorar de maneira crítica textos especializados.  |    |     |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.  | Ser capaz de seleccionar e ler obras actuais.  |    |     |
| CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.  | Compartir a experiencia lectora usando unha linguaxe adecuada.                             |    |     |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.   | Analizar as obras lidas usando unha linguaxe adecuada.                                     | PE | 100 |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Elaborar proxectos de investigación sobre obras da literatura galega dos séculos XX e XXI. |    |     |
| CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.   | Ser capaz de mellorar os propios textos usando diferentes métodos.                         |    |     |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución                                   | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.</li> <li>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.</li> <li>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.</li> <li>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.</li> <li>- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.</li> <li>- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.</li> <li>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.</li> <li>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.</li> </ul> |

| UD | Título da UD             | Duración |
|----|--------------------------|----------|
| 4  | Reflexión sobre a lingua | 22       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.  | Aprender procedementos para enriquecer os textos, sobre todo os que teñen que ver coa ortografía e a gramática. | PE | 100 |
| CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.   | Mellorar tanto os propios textos como a comprensión lectora.  |    |     |
| CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.   | Entender a relación entre a intención do emisor e as súas escollas lingüísticas.                                |    |     |
| CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital. | Elaborar pequenos proxectos de investigación sobre temas metalingüísticos.                                      |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> <li>- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).</li> <li>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.</li> <li>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No bacharelato, a materia de Lingua Galega e Literatura busca profundar nos coñecementos xa adquiridos durante a Educación Primaria e mais a ESO. Igualmente, pretende favorecer as competencias que lle permitan a este escoitar, falar, ler e escribir con adecuación, corrección e creatividade.

Por iso a metodoloxía didáctica será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. E nos cursos de bacharelato a metodoloxía favorecerá o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación así como o manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes. Nesta etapa afondarase nas catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) dun xeito integrado e daráselle prioridade a aquelas competencias máis deficitarias do alumnado; non obstante, hai que ter en conta que, no caso de 2º de bacharelato, non se lle pode dedicar moito tempo ás destrezas orais pola amplitude dos programas e as probas ABAU, que determinan o futuro das nosas alumnas e alumnos.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de Lingua Galega e Literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciar:

-A metodoloxía será dinámica e participativa. Así fomentárase e primárase a aprendizaxe por descubrimento e experiencia que dinamiza o grupo-clase e recórrase menos ás exposicións maxistras que poden levar á recepción maquinal de contidos que se asimilan sen a máis mínima reflexión. Por outra banda, consideramos que o traballo individual é preciso en actividades que serven para asentar coñecementos concretos (ortografía, gramática etc.) e tamén noutras que favorecen o autoconhecimento e a expresión dos propios sentimentos (expresión da propia opinión, creación de textos de intención literaria etc.), mais a sociedade actual demanda cada vez máis cidadáns, cidadáns e profesionais que saiban traballar de modo colaborativo, de aí que se traballe tamén con actividades ideadas para seren resoltas en pares, en pequenos grupos ou en gran grupo xunto con outras que implican ao grupo-clase.

Tamén se levan a cabo actividades que admiten outro tipo de agrupamentos segundo o criterio do/da docente. Se ben para este mester é necesario dispor de aulas amplas ou cun número non excesivo de alumnos, o que non adoita acontecer no noso centro.

-Adoptar un enfoque principalmente comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade fundamental que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso rexeitar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico nin renunciar ao dominio das normas e usos gramaticais.

Isto lévanos á aprendizaxe a través das competencias, isto é, do saber facer e non só do saber; tal como se recolle na LOMLOE e como recomendan as directrices educativas da Unión Europea.

As principais apostas a nivel educativo da Unión Europea son o reforzo de programas que faciliten a aprendizaxe ao longo de toda a vida e o paso da adquisición de conceptos (saber) á adquisición de competencias (saber facer). Esta aprendizaxe ao longo de toda a vida está intimamente relacionada coa posta no punto de mira das competencias clave. Aprender durante todo o noso periplo vital significa estarmos dispostos/as a nos adaptar a novos modelos de aprendizaxe e a novos coñecementos en función das nosas necesidades persoais, sociais, laborais etc., dado que a aprendizaxe das competencias -nomeadamente da lingüística- será constante ao longo de todo o noso percorrido vital.

-Integrar nas unidades ferramentas TIC, a través de actividades que obriguen á busca e ao procesamento de información a través de internet e doutras fontes documentais utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información e axudándolle a desenvolver a súa capacidade crítica con respecto a ela, dado que a sociedade actual require a capacidade de enfrontarse a unha grande cantidade de información.

-Traballar de maneira coordinada co profesorado de cada grupo, co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo. Estas liñas metodolóxicas xerais, coincidentes co que se enuncia no Decreto, concréntanse en estratexias, medidas e accións coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos de cada etapa.

Achegamos a continuación unha relación esquemática -non exhaustiva- que dá conta dalgunhas desas estratexias,

medidas e accións:

- 1.Actividades diversificadas e organizadas por niveis de dificultade de modo que fomenten a autonomía dos alumnos e estimulen a iniciativa persoal.
- 2.Actividades que impliquen participación, tanto a nivel individual como en parella ou en grupo reducido, de xeito que favorezan o intercambio respectuoso de ideas e o espírito crítico e cooperativo.
- 3.Aprendizaxe cooperativa, tanto en actividades dos propios libros de texto coma en proxectos específicos que o profesorado propón, este tipo de aprendizaxe permite ao alumnado traballar máis dunha competencia ao mesmo tempo. En todos os casos, estes traballos deben ser pautados polo docente, tanto para a súa elaboración como para a presentación dos mesmos.
- 4.Aprendizaxe-investigación fóra da aula que favorece a iniciativa emprendedora e aproxima o alumnado á realidade social e cultural da súa contorna.
- 5.Atención necesaria e específica á oralidade dado o perfil sociolingüístico do alumnado que, ademais, non percibe esta competencia como un dos aspectos fundamentais da materia.
- 6.Modelo discursivo e expositivo combinado co modelo máis experimental: exemplos cotiáns, actividades prácticas e experienciais, descubertas a partir dos textos, etc.
- 7.Fomento da lectura na aula e fóra dela para tentar crear lectores e lectoras competentes e implicados no proceso de lectura: textos literarios e non literarios, escritos ou orais. Os libros de lectura deben axeitarse á idade dos alumnos e alumnas e na medida do posibles aos seus gustos.
- 8.Fomento da creatividade (contos, poemas, etc.) e participación en concursos, revistas ou outros soportes.
- 9.Promoción da consulta de fontes de información, tanto en medios tradicionais coma aplicando as novas tecnoloxías.
- 10.Emprego de recursos do propio centro (biblioteca escolar, exposicións, etc.) e da súa contorna.
- 11.Mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica cando se detecten dificultades de aprendizaxe.
- 12.Propiciación de dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas propias actividades.
- 13.Fomento da tolerancia, promovendo un clima civilizado e de respecto nos diálogos, ideas, puntos de vista, actitudes, crenzas propias e alleas (educación en valores).

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Apuntamentos e esquemas elaborados polo propio docente.  |
| Exercicios e actividades elaborados polo propio docente.                                       |
| Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise. |
| Libros de lectura.   |
| Libros e obras de consulta da biblioteca.  |
| Prensa cotiá.  |



|  |
|--|
| Dicionarios en papel e dixitais.   |
| Páxinas web e blogs sobre temas incluídos no currículo (lingua e sociedade, literatura dos séculos XX e XXI, gramática...) |
| Cursos dixitais de lingua galega.  |

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba de avaliación inicial que consistirá na elaboración presencial dun comentario crítico, xa que o dominio da lingua que deixa ver é ideal para verificar o nivel co que chega o alumnado e así detectar posibles lagoas que se tratarán de solucionar ao longo do curso.

Resultaría de gran axuda poder facer unha avaliación inicial máis estensa, pero o currículo de 2º de bacharelato e a proba de ABAU á que se terán que presentar os alumnos e alumnas a fin de curso impiden dedicarlle demasiado tempo.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | Total      |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>25</b> | <b>25</b> | <b>25</b> | <b>25</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 100       | 90        | 100       | 100       | <b>98</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 0         | 10        | 0         | 0         | <b>2</b>   |

#### Criterios de cualificación:

A materia componse de 4 partes e cada unha ten un 25% de peso na cualificación, tanto en cada avaliación como na nota final. Esta división concorda plenamente cos bloques de contidos establecidos no currículo recollido no Decreto 157/2022 e co modelo de exame que nos remitiu a CESGA CIUG a principio de curso:

En cada avaliación poderanse facer faranse catro probas diferentes (que poden ser exames, listas de cotexo...) e cada unha suporá o 25% da cualificación final; cabe comentar que o feito de ter catro notas non implica, necesariamente, realizar catro exames, xa que se poderían combinar algúns deles ou avaliar mediante tarefas:

- Unha proba de literatura por avaliación que se corresponderá coas seguintes etapas literarias: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916-1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI.
- Un exame de gramática por trimestre. Hai que indicar que a gramática é unha materia sumativa, polo tanto, se no último exame o alumno/a saca máis nota que nos anteriores, esa será a nota a ter en conta. Se saca menos nota, a profesora pode decidir utilizar as tres notas das que disporá para facer entre elas unha media aritmética.
- Unha proba de comprensión e produción textual.
- Un exame de “A Lingua e os seus falantes” de 2 contidos recollidos neste bloque.

Todas estas probas faranse en datas consensuadas co alumnado e poden ter penalizacións ortográficas; para facelas seguirase a norma que rexe as ABAU.

O número resultante da suma destas 4 partes raramente será unha cifra sen decimais, polo tanto, se o que excede do número completo é máis de 0'5 no boletín figurará a nota inmediatamente superior e, ao revés, en caso de ser menos de 0,5 a nota será a inferior: Por exemplo, un 6,5 será un 7 no boletín e un 6,4 un 6.



No caso de ser un 4,5 o aprobado non será inmediato, senón que dependerá do traballo do alumno/a durante a avaliación (participación na clase, entrega correcta de actividades propostas...).

A nota final será a media das 3 avaliacións. De todos modos hai que puntualizar que tanto a parte de gramática como a de interpretación textual son sumativas e iso permite que, se a nota final é maior que as outras, o alumno/a poida quedar con ela sen ter que dividila.

#### **Crterios de recuperación:**

A división desta materia en partes diferenciadas facilita a recuperación individualizada dunha delas e a posibilidade de compensar unha partes (que algún alumno/a poida ter máis frouxas) con outras (nas que ten un maior dominio). Ademais, a parte de gramática e a de comprensión textual están consideradas como sumativas, de maneira que o aprobado dun exame supón a recuperación do anterior.

De todos modos, sobre todo para a parte de literatura (que contén máis carga de estudo), os alumnos/as terán na aula virtual probas con preguntas breves para axudarlles a repasar a materia. Tamén terán probas de verbos (que é outro dos temas que soe dar problemas) e de todos aqueles que necesiten.

A final de curso, se algún alumno/a non puido superar a materia, aínda terá dereito, a principios de maio, a un exame final ordinario e tamén dividido nas 4 partes xa citadas (e co mesmo peso -o 25% cada unha delas-) que se realizará nunha data fixada polo centro dentro da semana dedicada aos exames finais.

Ademais, haberá unha derradeira convocatoria extraordinaria a finais de maio (aproximadamente) que constará dun exame coas mesmas características do descrito no parágrafo anterior e nunha data tamén fixada polo centro.

Por último, si se contemplará a posibilidade de subir nota nalgunha das partes, non obstante, de facer e entregar algún exame final dalgunha das partes coa intención de mellorar a cualificación, o alumno/a pasará a ter a nota que obteña nesta proba, tanto se é maior que a que xa tiña como se é menor.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Tanto polo seu nivel académico coma polos seus intereses e grao de motivación, polo seu ritmo de traballo e estilo de aprendizaxe, polos coñecementos previos, experiencias, etc. os alumnos e alumnas son moi diversos. Por iso os docentes debemos educar en e para a diversidade en cada grupo-clase do centro educativo.

Por outra parte, cada vez máis, contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Segundo o Decreto 86/2015 debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas:

- Con dificultades específicas de aprendizaxe.
- Con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Con altas capacidades intelectuais.
- Obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Con condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Para poder incorporar ás aulas toda esta variedade de alumnado, contaremos co asesoramento e colaboración do Departamento de Orientación e co equipo docente. Decidirase así que alumnado da ESO precisa dunha Adaptación Curricular, que alumnado precisan da profesora de Apoio, en que cursos é máis necesario facer desdobres e que alumnado precisa dun seguimento máis individualizado para podermos facilitar a súa mellora académica. Obviamente, no caso do Bacharelato contamos con moitas menos medidas, pero, aínda así, cómpre ter en conta a diversidade á que nos enfrontamos.

Todas as medidas que se levan a cabo axudan a conseguir que o alumnado que as recibe poida alcanzar os obxectivos programados, pero está claro que ás veces son insuficientes porque non chegan a todo o alumnado que debería recibir ese apoio en pequeno grupo ou mesmo a nivel individual. E queremos poñer de manifesto que estas actuacións (apoiros, programas de reforzo, desdobres, etc.) son as que dan un plus de calidade a un sistema educativo público. Canto ás medidas de aula, é o profesorado quen debe planificar outras estratexias e actividades - en colaboración co equipo docente e atendendo ás pautas indicadas polo Departamento de Orientación- que faciliten a integración das alumnas e alumnos con necesidades específicas e axuden á consecución dos obxectivos previstos; entre estas medidas cabe salientar:

- Traballo en proxectos que faciliten a integración.
- Tarefas en grupo (agrupamentos variados e flexibles).
- Recursos complementarios de reforzo e ampliación, orientados ao perfil do alumno.
- Utilización dos materiais de diversificación que inclúen os proxectos editoriais.
- Medidas de intervención que traten de paliar as dificultades inherentes ao trastorno diagnosticado, tendo en conta o informe da avaliación psicopedagóxica.
- Control de apuntamentos e axenda e asemade recordatorio da entrega de tarefas, datas de controis, etc.)
- Atención especial nos exames: marcar claramente -e mesmo destacar- as preguntas e as diferentes ordes, controlar que se entenden as instrucións, tempo extra, etc.
- Lecturas guiadas nos temas de contidos -na aula ou fóra dela- coas anotacións oportunas, esquemas, resumos, etc.
- Tarefas de recuperación adaptadas.
- Disposición `adecuada ás necesidades no espazo da aula: lugar da mesa e compañeiros.
- Potenciación de actividades voluntarias para alumnos con intereses ou capacidades altas.
- Outras que o profesorado e/ou equipo docente considere para cada caso concreto.

De se dar o caso de contarmos entre nós con alumnado que estea diagnosticado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) ou con Trastorno do Espectro Autista poñeremos a funcionar os protocolos de actuación específicos que están deseñados e publicados pola Consellería de Educación [www.educonvides.galPROGRAMACION 2ª fase docx](http://www.educonvides.galPROGRAMACION%202%20fase%20docx) e que sintetizamos aquí:

PROTOCOLO DE CONSENSO SOBRE TDAH <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/12908>

Orientacións para a intervención psioeducativa:

- Escolarizar o alumnado con TDAH nas aulas ordinarias, desenvolvendo as medidas de atención á diversidade adaptadas ás súas necesidades.
- Ter en conta as medidas de atención á diversidade recollidas no Plan de Atención á Diversidade e no Plan de Convivencia do centro educativo.
- O alumnado con TDAH debe estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda.
- Adaptar o currículo ás capacidades, estilo de aprendizaxe e necesidades do alumnado.

- Utilizar apoios e reforzos visuais na instrución oral.
- Adaptar as probas de avaliación (preguntas curtas e claras, exame oral, máis tempo, un por día, deixar suficiente espazo entre as preguntas, pedir que o revise antes de entregalo).
- Uso da axenda: anticipar datas de exames, material a utilizar, contidos, datas traballos, etc.
- Empregar o reforzo positivo ante a boa conduta e non so o castigo.

PROTOCOLO TRATAMIENTO EDUCATIVO DO ALUMNADO CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/18477>

Orientacións para a intervención psioeducativa:

- A escolarización debe realizarse, preferentemente, en centros ordinarios.
- O rexistro nunha axenda das tarefas que ten que facer e dos materiais que precisa, garantindo a coordinación do profesorado e da familia.
- O apoio visual permanente e coherente, que clarifique as explicacións.
- A utilización dunha linguaxe clara, precisa (de poucas palabras) e sen uso de dobres sentidos, sentidos figurados ou ironías.
- A garantía de que se comprenden as ordes e normas xerais da aula, o que, ás veces, require dirixirse explicitamente ao alumnado e adaptarse ao seu nivel de comprensión.
- Reducir o nivel de complexidade das actividades, e que teñan un principio e un fin claros.
- Empregar reforzadores suficientemente poderosos e recoñecer pequenos logros adquiridos, para manter motivado o alumnado.
- Adaptar as probas de avaliación (preguntas curtas e claras, exame oral, máis tempo, un por día, deixar suficiente espazo entre as preguntas, pedir que o revise antes de entregalo).

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora                      | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita                 | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual                 | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia dixital                      |      | X    | X    | X    |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial       |      | X    |      |      |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico |      | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación emocional e en valores         | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - Igualdade de xénero                      | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - Creatividade                             |      | X    | X    |      |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------|------------|----------|----------|----------|
|            |            |          |          |          |

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Actividades de celebración do Samaín  | Creación e lectura de relatos e poemas, realización e presentación de vídeos con esta temática, postas en escena no Salón de Actos, exposicións na Biblioteca de textos variados  | X        |          |          |
| Actividades de celebración do Nadal   | Cantos de Panxoliñas, Cantos de Reis, creación e lectura de relatos, postas en escena no Salón de Actos e/ou na Biblioteca. Decoración das aulas.   | X        |          |          |
| Celebración das Letras Galegas  | Análises d@ autor/ra homenaxeado dende diferentes ópticas, concursos, recitais, realización e presentación de vídeos, postas en escena no Salón de Actos e/ou na Biblioteca.  |          |          | X        |
| Participación en certames literarios  | Cabe comentar que os certames literarios en que participa o noso alumnado poden ser organizados polo propio centro ou fóra del. Tamén é interesante dicir que unha das alumnas de 2º de Bacharelato conseguiu un premio o ano pasado nun destes certames.                           | X        | X        | X        |
| Conmemoración das diferentes datas sinaladas (Día de Rosalía de Castro, Día da Muller, Día da Paz...)     | A idea é facer visible o motivo polo que se celebra esta data mediante calquera recurso proposto tanto polo profesorado como polo alumnado: lectura de textos (literarios ou non, procedentes de personaxes famosos ou elaborados polo propio alumnado...), exposicións, charlas... | X        | X        | X        |
| Celebración do entroido   | Divulgación de tradicións galegas destas datas (Entroido de Laza, encontros de Xenerais no Val do Ulla...), disfraces dentro do propio centro.  |          | X        |          |
| Actos culturais diversos: asistencia a representacións teatrais, conferencias, exposicións itinerantes... | Estes actos están supeditados tanto a que estean dispoñibles como a que haxa tempo físico para que o alumnado de 2º de bacharelato poida acudir a eles.   | X        | X        | X        |

### Observacións:

Estas actividades serven en todos os casos para desenvolver as competencias e destrezas tales como a Comunicación Lingüística (Expresión Escrita, Expresión Oral, Comprensión Oral e Escrita).

É un xeito de traballar e aprender dunha forma motivadora. Sempre que realizamos estas tarefas observamos entusiasmo, ganas e motivación. Estas tarefas axudan á eliminación de prexuízos e a traballar en equipo.

Neste Centro son moitas e variadas as actividades extraescolares levadas adiante e, como vemos a boa aceptación e o alto grao aprendizaxe por parte de alumnado e profesorado, seguimos adiante e intentando mellorar día a día, non obstante aínda que temos previstas algunhas das actividades, ímolas deseñando en cada trimestre dependendo das posibilidades que teñamos.

Supón un enorme esforzo para o persoal docente a realización das mesmas e non só depende da súa dispoñibilidade, son moitos os factores externos que poden determinar a realización das mesmas, por iso preferimos ser previsores e ílas deseñando pouco a pouco guiándonos polo desenvolvemento das CA, polos gustos do alumnado e polas posibilidades económicas e de dispoñibilidade de todas as partes participantes.

Ademais, no caso dun curso como 2º de Bacharelato, que se caracteriza por un currículo moi amplo e a presión das probas de ABAU, a realización de actividades complementarias dificúltase aínda máis.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| <b>Indicadores de logro</b>  |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico   |
| Mantívose a coherencia entre contidos, criterios de avaliación e adquisición de competencias. A distribución de contidos ao longo das avaliacións foi adecuada e permitiu chegar a impartir a totalidade do currículo.               |
| Os resultados académicos foron satisfactorios e o alumnado, independentemente das características particulares de cada un/unha, conseguiu as competencias esperadas.   |
| Metodoloxía empregada  |
| A metodoloxía empregada foi variada, de maneira que se puido chegar a todas as realidades, e participativa.  |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos   |
| Aproveitáronse todos os recursos existentes na aula (ordenador, pantalla dixital, dicionarios...) para lograr un proceso de ensino-aprendizaxe máis interactivo e efectivo.  |
| Medidas de atención á diversidade  |
| Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.   |
| Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.   |
| Clima de traballo na aula  |
| Conseguíuse un ambiente motivador na aula e potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.   |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais   |
| Mantívose unha colaboración cercana co resto do equipo docente da aula para coordinarse en todo canto fose posible e así evitar repeticións innecesarias, posibles confusións derivadas do uso de dúas terminoloxías diferentes etc. |
| Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensinoaprendizaxe das fillas ou fillos.  |
| Outros   |
| As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado e analizadas e comentadas na clase.  |
| Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).  |

### Descrición:

Ao finalizarmos cada unha das avaliacións faremos unha análise dos resultados acadados en todos os cursos e, de ser preciso, estudaremos as posibilidades de mellora para poñérmolas en práctica se for posible.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A xefa de departamento da materia de Lingua galega e Literatura elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria de departamento esixida por lei e, a partir dela, o Departamento extraerá os datos pertinentes e concretará as propostas de mellora que se consideren necesarias.

Tamén parece conveniente comparar os resultados obtidos nesta materia cos das outras (sobre todo as materias do bloque lingüístico) por se se tivese que facer algunha corrección tanto nos contidos como na metodoloxía empregados.

Finalmente, sempre é adecuado atender as suxestións que nos poidan facer dentro da comunidade educativa: os propios compañeiros/as, o equipo directivo, as familias e, por suposto, o alumnado.

## **9. Outros apartados**